

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25-N:

### DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, por iso, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera depender de ningún criterio, e moito menos, pola condición de xénero.

A violencia contra as mulleres só pode admitir a repulsa como resposta, tanto por parte dos poderes públicos, como da sociedade, que, no seu conxunto, debe avanzar con paso firme polo camiño da igualdade.

Datas como a de hoxe lémbrennos que poñer fin á violencia contra as mulleres e as súas fillas e fillos, así como ás súas familias é un obxectivo irrenunciable e prioritario. Non podemos esquecer as vítimas da violencia de xénero, ás que asasinaron e as que están a atravesar situacións dramáticas.

Segundo os últimos datos oficiais do mes de agosto do 2023, en Galicia, dúas mulleres foron asasinadas e dúas crianzas ficaron orfas.

Con motivo deste novo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o Concello da Pobra do Brollón, manifesta a firme convicción de erradicar calquera tipo de maltrato cara ás mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo.

Dende o Concello da Pobra do Brollón facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como da cidadanía, apostamos pola información e a concienciación, para logralo, amparámonos no Plan de Igualdade de oportunidade entre mulleres e homes do noso concello, que simboliza unha ollada de futuro para a transformación social, contribuíndo, de xeito inequívoco, á calidade de vida de toda a veciñanza.

Dende o Concello da Pobra do Brollón, repudiamos calquera forma de agresión machista.

